

## *Xesús, se me necesitas, sígote*

Se me chamas, que responda SI!  
Se vexo o mundo baleiro de Ti, que o encha do teu amor.  
Se me convidas a tomar a cruz, que a colla sen temor.  
Se pronuncias o meu nome, que non pense que vai por outro.  
Se me custa dar, que pense no moito que Ti me ofreces.  
Se me esixes seguirte de verdade, que non busque mil escusas para non facelo.  
Se observas a miña vida cristiá, que a atopas como Ti queres.  
Se necesitas a miña voz, aprovéitaa para que sexas coñecido.  
Se necesitas os meus pés, ánimaos para percorrer os teus camiños.  
Se necesitas a miña intelixencia, confórmaa co evanxeo.  
Se necesitas os meus ollos, que mire con alegría o futuro.  
Se necesitas o meu corazón, transfórmao coa túa verdade.  
Se non estás de acordo con algo da miña vida, dáme un pouco de tempo para cambiar.  
Se me ves axitado porque non recollo froitos, acóugame coa esperanza.  
Quero, Señor, seguirte. Lévame da túa man, así non mirarei atrás nin terei medo.



**Evanxeo**  
**26-xiño-2022**  
**13º-ORDINARIO-C**



# **Deixa a túa almofada e sígueme**

DEJA TU ALMOHADA Y SÍGUEME



# Ordinario 13 - C

**1º REIS 19, 16b. 19-21:** *Eliseo levantouse e seguiu a Elías.*

Naqueles días, o Señor díxolle a Elías no monte Horeb: «**Unxe profeta sucesor teu a Eliseo, fillo se Safat, de Abel Mejolá**». Partiu Elías de alí e atopou a Eliseo, fillo de Safat, quen se achaba arando. Fronte a el tiña doce xuntas; el estaba coa duodécima. Pasou Elías ao seu lado e botoulle o seu manto encima. Entón Eliseo abandonou os bois e botou a correr tras Elías, dicindo: «**Déixame ir despedir o meu pai e miña nai e seguireite**». Elías respondeulle: «**Anda e vólvet, pois que te che fixen?**». Eliseo volveu atrás, tomou a xunta de bois e ofreceunos en sacrificio. Co xugo dos bois asou a carne e entregouna ao pobo para que comese. Logo levantouse, seguiu a Elías e púxose ao seu servizo. *Palabra do Señor.*

**SALMO Sal 15: R/. Ti es, Señor, o lote da miña herdade.**

**GÁLATAS 5, 1.13-18:** *Fostes chamados á liberdade*

**LUCAS 9, 51-62:** *Tomou a decisión de ir a Xerusalén. Seguireite a onde queira que vaias.*

**Narrador:** Cando se ía cumprindo o tempo de ser levado ao ceo, Xesús tomou a decisión de ir a Xerusalén. E enviou mensaxeiros por diante. De camiño, entraron nunha aldea de Samaria para prepararlle aloxamento. Pero non o recibiron, porque se dirixía a Xerusalén. Ao ver isto, Santiago e Xoán, discípulos seus, preguntáronlle:

**Santiago e Juan:** -Señor, queres que mandemos baixar lume do ceo que acabe con eles?

**Narrador:** El volveuse e rífoilles. E marcháronse a outra aldea. Mentres ían de camiño, díxolle un:

**Un:** -Seguireite onde vaias.

**Narrador:** Xesús respondeulle:

**Xesús:** -As raposas teñen tobo, e os paxaros niño, pero o Fillo do home non ten onde reclinar a cabeza.

**Narrador:** A outro díxolle:

**Xesús:** -Sígueme.

**Narrador:** El respondeu:

**Outro:** -Déixame primeiro ir enterrar o meu pai.

**Narrador:** Contestoulle:

**Xesús:** -Deixa que os mortos enterren os seus mortos; ti vai anunciar o reino de Deus.

**Narrador:** Outro díxolle:

**Outro máis:** -Seguireite, Señor. Pero déixame primeiro despedirme da miña familia.

**Narrador:** Xesús contestoulle:

**Xesús:** -O que bota man ao arado e segue mirando atrás non vale para o reino de Deus.

*Palabra do Señor*

*(Narrador-Santiago e Xoán-Xesús-Un-Outro-Outro máis).*



## Deixa a túa almofada e sígueme

### 1. VER: Seguireite

- Di a canción "Seguireite" de Ixcís:

*"Seguireite a onde queiras, seguireite, Señor, seguireite.*

*Seguireite, dáme as forzas, seguireite Señor, seguireite.*

*Seguireite, seguireite aínda que o teu cáliz teña que beber.*

*Seguireite, seguireite sé Ti a roca que sostén os meus pés".*

Seguireite: <https://www.youtube.com/watch?v=qPt-k1MsWFU&t=4s>

**Que é seguir a Xesús? Pareceche fácil facelo?**

### 2.XULGAR: Deixa a túa almofada e sígueme

- No evanxeo deste domingo xa do tempo ordinario, Xesús vai cara a Xerusalén onde o crucificarán. Polo camiño vai chamando a algúns para que sexan os seus discípulos e realicen a súa misión: "**Sígueme**", dílles. Pero algúns poñen escusas e bótanse atrás. Só un lle di: "**Seguireite onde vaias**".

Seguireite onde vaias, película: <http://youtu.be/ig3x30AwUa8>

QUE NOS QUERE DICIR?

**1. Xesús segue chamando hoxe para realizar a súa misión. Pero pon CONDICIÓNS aos seus seguidores:**

\* Que Xesús sexa o Absoluto, o prioritario, o máis importante na túa vida.

\* Vincula a túa vida a Xesús: únete a El, déixate conducir por El.

\* Vive con radicalidade o evanxeo, non a medias tintas, implícache ata a cruz.

\* Pertence ao seu grupo.

**2. Xesús PROHIBE aos seus seguidores:**

\* Mirar atrás: "*o que bota a man ao arado atrás e mira atrás non é digno de min*": se só usas o retrovisor terminas por caer porque perdes o norte e a referencia. Xesús acompañaite para que vaias polos sendeiros que levan ao Reino. Mira adiante, confiando nel.

\* Apegarse á comodidade ou á almofada do confort. Se foxes da cruz rexéitalo a El. Non almacenes almofadas e máis almofadas, tíraas.

\* Poñer escusas ou xustificacións: non digas "déixame primeiro", "é que teño" que...

Ao final do camiño espérate o mellor: <https://youtu.be/plRS7pilzNE>

**Que te pide Xesús? Que debes deixar?**

### 3. ACTUAR: Deixa as escusas e sígueme

- Dialogamos sobre como respondemos á chamada de Xesús os do noso grupo.

-Fixámonos no que nos estorba para seguilo mellor e explicámolo na eucaristía dominical: "*É que...*".

- *Gravamos un vídeo con persoas da comunidade ou familiares que seguen a Xesús, que lles vai achegando, que lles esixe, como se senten... Oramos xuntos coa canción "Seguireite".*

**En que poderías mellorar? Que imos facer?**